



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAZO DE MOS PARA O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO ELÉCTRICO DO PAZO DE MOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Pazo de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Pazo de Mos para o proxecto de acondicionamento eléctrico do pazo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- Que o Pazo de Mos localizase no barrio da Zapateira, camiño da Rúa e na Parroquia que da nome ó Concello de Mos, ao lado da antiga vía romana que unía Bracara Augusta (actual Braga) con Tui e Santiago de Compostela, que coincide neste tramo na Calzada Real e a escasos metros da antiga Igrexa Parroquial e do edificio que albergou historicamente o Concello de Mos, a Casa Branca, actual albergue de peregrinos.

O edificio histórico forma parte dunha finca cunha superficie de trinta e cinco mil metros cadrados, que agora mesmo veñen a ser propiedade comunal, para o desenvolvemento de determinadas funcións forestais e de espaxamento ou cultural. Neste sentido, o esforzo en recursos da Comunidade de Montes ten sido enorme, actuando sobre unha contorna que demanda unha moi coidada elección de materiais, mobiliario, etc., dado o carácter de ben patrimonial.

A propiedade actual do Pazo e da Fundación Pazo de Mos, fundación creada pola AA.VV. Santa Baia de Mos e a Comunidade de Montes da Parroquia.

Este enclave histórico e testemuños falan da importancia do mesmo nos séculos pasados e como a vida concentrábase nos seus arredores. Encontrase a uns metros da Igrexa de Sta. Eulalia de Mos e dispón dunha praza na fachada sur, dunha interior e dunha zona no seu

perímetro que limita coa vía por onde pasa o Camiño de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Santiago Portugués hoxe empedrado, recentemente restaurado e de uso peonil.

O obxecto do presente convenio é o de realizar un acondicionamento eléctrico do inmovble, de xeito que se contribúa a súa posta en valor turístico.

Cuarto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a Fundación á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada, por ser a titular do inmovble.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Pazo de Mos unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la iglesia Lema



Xacobeo 2021

